



BOP

VENRES, 11 DE OUTUBRO DE 2024

N.º 236

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 6/2024, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 5 de setembro de 2024, cun importe que ascende a cantidade de 110.100 Euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.540.601,11
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.124.440,00
3	Gastos financeiros	27.000,00
4	Transferencias correntes	84.580,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
6	Inversións reais	3.593.037,63
7	Transferencias de capital	20.000,00
	TOTAL GASTOS	6.389.658,74

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, 7 de outubro de 2024.- O alcalde, Don Miguel González Piñeiro.

R. 2990

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns do mes de setembro de 2024, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2024/2025, por un importe total de 1.655,64€.

Ospadróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 3 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2991

CASTROVERDE

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CATEGORÍA DE LIMPADOR/A DO CONCELLO DE CASTROVERDE.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Castroverde ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días naturais**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello de Castroverde

Castroverde, 7 de outubro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2992

CERVO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 3 de outubro de 2024, o expediente de modificación de crédito núm. 17/2024 por crédito extraordinario núm. 1/2024 do vixente Orzamento Municipal para 2024, que é o prorrogado de 2023, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas á Alcaldesa desta Corporación.

Cervo, 8 de outubro de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3002

GUITIRIZ

Anuncio

Acordo regulador do prezo público do servizo de catering na escola infantil do Concello de Guitiriz.

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que o Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2024 acordou o establecemento do prezo público polo servizo de catering na escola infantil do Concello de Guitiriz, co seguinte tenor literal:

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE COMIDA-CATERING DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

Artigo 1. Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público para o servizo de comedor-catering na escola infantil do concello de Guitiriz.

Artigo 2. Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta normativa, os pais nais ou titores legais que soliciten e se beneficien dos servizos prestados por este Concello, a que se refire o artigo anterior, utilizando o servizo de catering da escola infantil do Concello de Guitiriz.

Artigo 3. Contía

O prezo público se fixa en 90 euros ao mes, importe que será irredutible agás excepción do artigo 5.3

O prezo público por día, para casos excepcionais, é de 4,79 euros por día.

Artigo 4. Pagamento.

A obriga de pago do prezo público regulado nace dende que se inicie a prestación do servizo de catering aos menores que acoden a escola infantil do Concello de Guitiriz.

Artigo 5. Xestión e pago.

1. Os pais, nais ou titores legais dos pais presentarán a solicitude de prestación ao servizo de catering da escola infantil e se iniciará a obriga ao pago.

2. As cotas mensuais se abonarán mediante domiciliación bancaria no numero de conta bancaria que o solicitante facilite. A tarifa se aboará por mes completo sen ter en conta as ausencias, variacións ou demais circunstancias de no asistencia a prestación do servizo.

3. Excepcionalmente se aplicará a tarifa por día cando se comuniquen ausencias programadas por tempo igual o superior a una semana, que deberán comunicarse a semana anterior a da ausencia.

Disposicións finais.

Primeira. Para o non previsto no presente acordo regulador estarase ao disposto no Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e na Ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Guitiriz.

Segunda. O presente acordo entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia e continuará vixente ata tanto se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

Guitiriz, 2 de outubro de 2024.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2993

*Anuncio***Aprobación DA MODIFICACIÓN DO prezo público DOS TALLERES CULTURAI. CURSO DE CERAMICA.**

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2023 acordou a modificación o do prezo público Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público por talleres culturais e outros ensinos, en relación ao curso de cerámica, que está aprobado en acordo de Xunta de goberno local de 02/10/2024 segundo o disposto no artigo 4 da citada Ordenanza, pasando a ser o prezo público de 25 euros/ mes.

Guitiriz, 4 de outubro de 2024.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2994

MEIRA*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución da Alcaldía núm. 441/2024, de data 3 de outubro de 2024, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2024, na modalidade de SAF básico e dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1)contado dende a data de finalización do período de

exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 3 de outubro o 3 de decembro de 2024.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 3 de outubro de 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2995

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Procédese á corrección do erro producido no anuncio publicado no BOP número 235 o día 10.10.2024, no seguintesenso:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 16 de setembro do 2024, prestou aprobación definitiva ao PROXECTO DE REPARCELACIÓN DA ZONA "D" de Monforte de Lemos.

Monforte de Lemos, 10 de outubro de 2024.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 3025

OUTEIRO DE REI

Anuncio

A cobranza en período voluntario do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, correspondente ó actual exercicio, terá lugar neste Municipio, nas oficinas da Caixa Rural Galega, dende o día UN (1) de Outubro ó DOUS (02) de decembro do 2024.

Transcorrido o prazo sinalado, tódolos contribuíntes que non tivesen satisfeitos os seus débitos, quedarán incursos no procedemento de apremio, con recargo e costes correspondentes, segundo o establecido no Regulamento Xeral de Recaudación.

Outeiro de Rei, 30 de setembro de 2024.- O Alcalde, D. José Pardo Lombao.

R. 2996

RÁBADE

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2024, adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora no Concello de Rábade. En cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública, por un prazo de 30 días, para que os interesados o poidan examinar e presenten as reclamacións que estimen oportunas. No caso en que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 27 de setembro de 2024.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 2997

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2024, adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles. En cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública, por un prazo de 30 días, para que os interesados o poidan examinar e presenten as reclamacións que estimen oportunas. No caso en que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 27 de setembro de 2024.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 2998

O SAVIÑAO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACION ANEXO INVERSIONES DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2024 e TRANSFERENCIA CREDITO ENTRE DISTINTAS AREAS DE GASTO (Expte. 1161/2023).

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de O Saviñao (Lugo), en sesión celebrada o día 27 de setembro de 2024, a modificación do Anexo de Inversiones do orzamento municipal vixente e de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto, por importe de 9.999,69 euros, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se durante o citado prazo non se presentan reclamacións ou suxerencias; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O Saviñao, 2 de outubro de 2024. O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2999

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do concello de O Saviñao, en sesión celebrada o día 27 de setembro de 2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 18/2024, na modalidade de Suplemento de Crédito 2/2024 (expte. 1244/2024) no orzamento do exercicio 2024, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, por importe de 211.560,90 euros, destinado a atender gastos do exercicio 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o expediente sométese a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os/as interesados/as poidan examinalo e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de 1 mes para resolvelas.

O Saviñao, 2 de outubro de 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3000

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno do concello de O Saviñao, en sesión celebrada o día 8 de outubro de 2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 20/2024, na modalidade de Suplemento de Crédito 3/2024 (expte. 1303/2024) no orzamento do exercicio 2024, financiado con novos e maiores ingresos, por importe de 137.439,25 euros, destinado a atender gastos do exercicio 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o expediente sométese a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os/as interesados/as poidan examinalo e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de 1 mes para resolvelas.

O Saviñao, 8 de outubro de 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3001